

Sinsal SON Estrella Galicia suma tres candidaturas finalistas nos Premios FEST 2023

O festival, celebrado na illa de San Simón entre o 21 e o 23 de xullo, é o evento galego con maior número de candidaturas deste no e opta ás distincións na área de innovación, sostibilidade ambiental e sostibilidade social, tres dos eixos fundamentais do evento cultural

Sinsalaudio suma en total 5 candidaturas dos galardóns que distinguen os mellores festivais da tempada en España, ao sumar as dúas do SON Estrella Galicia Posidonia (Formentera), comisariado pola promotora viguesa

Vigo, 20 de outubro de 2023- O Sinsal SON Estrella Galicia 2023 vén de ser escollido como **finalista en tres das categorías dos Premios FEST**. O xurado profesional deu a coñecer onte os seus votos, que sitúan como finalista o Sinsal nas ás areas de **Innovación, Sostibilidade Ambiental, e Sostibilidade Social**, tres áreas sobre as que, precisamente, pivotan os eixos de traballo do festival, que se celebra no verán na illa de San Simón. Deste ditame, despréndese que o **Sinsal se sitúa como o festival galego con maior número de apoios profesionais nos Premios FEST 2023**.

Nos últimos anos, o **Sinsal obtivo dúas veces estes galardóns**, que recoñecen os mellores festivais de España da tempada. O primeiro deles chegou no 2015, no que foi escollido como o Mellor festival de pequeno formato. Catro anos despois, gañou o Premio FEST 2019 ao Festival máis sostible.

Ao longo deste 2023, o Sinsal tamén acadou outro recoñecemento pola súa **contribución á igualdade**. Foi o pasado mes de marzo nos **Iberian Festival Awards**, os premios da industria de festivais en España e Portugal. O galardón recoñeceu a aposta do Sinsal por favorecer o **achegamento a todos os sons, ideas e instrumentos do mundo**; ademais de non repertir no seu cartel creadoras e creadoras, e potenciar o coñecemento de novos artistas -a meirande parte das bandas e solistas que actuaron este verán en San Simón fixéronno por vez primeira en Galicia ou España-. Alén disto, o compromiso de Sinsal coa igualdade vén referendado polo equilibrio da súa programación: un mínimo do 50% das artistas e do staff son **mulleres**, a presenza **queer** é relevante en cada edición e habitualmente teñen espazo **todas as linguas da Península Ibérica**, desde o galego até o catalán, portugués, euskera ou castelán.

Ademais, **Sinsalaudio**, a promotora viguesa que impulsa o Sinsal SON Estrella Galicia, cuxa última edición tivo lugar do 21 ao 23 de xullo en San Simón, **obtivo outras dúas candidaturas** (Sostibilidade Ambiental e Festival Boutique) a través do **SON Estrella Galicia Posidonia**, o festival celebrado este mes de outubro en Formentera e da que é responsable do seu comisariado, produción e coordinación. O evento balear, ao que asisten menos de 400 persoas en cada edición, é un festival que este ano loitará por acadar unha certificación Zero Waste grazas ao seu compromiso na redución e reciclaxe de residuos.

Os Premios FEST entregaranse o vindeiro 25 de outubro, nunha gala que terá lugar en Bilbao no marco do BIME Live & PRO. Para máis información sobre estes galardóns, pódese visitar www.premiosfest.com

Contacto de prensa Sinsalaudio

Lucía Pita | 675 404 321

prensa@sinsalaudio.org

Máis información

<https://festival.sins.al/gl/prensa>